

Festas do verán en Negreira

«Máis alá da festa, en Negreira hai moitas opcións para os visitantes»

Desde hoxe ata o domingo, son moitas as actividades pensadas para todo tipo de público

I.C.

Desde hoxe e ata o vindeiro domingo, 13 de xullo, as rúas de Negreira ofrecen tanto a veciños como a visitantes un ambiente festivo no que destacarán as esperadas verbenas, os tradicionais pasarrúas ou a afamada procesión motorizada. O alcalde da vila, Manuel Ángel Leis, explica que se trata duns festexos con actividades para todos os públicos. — **Esta semana celebráanse as festas na honra a San Cristovo, que teñen de especial este ano?** — Son unhas festas lúdicas, festivas e tamén deportivas nas que haberá de novo distintas actividades pensadas para todas as idades. Loxicamente, a parte fundamental é a programación musical —o tema das orquestras e os pasarrúas— que atrae moita xente; pero tamén está a procesión motorizada, que un ano máis congregará a unha gran

multitude. Desde o Concello colaboramos coa Asociación de Festexos e coa de Transportistas para levar adiante as festas e, tamén, organizar a procesión. Celebrarase o sábado, día 12, e de novo agárdase moita participación; xa a tivo o ano pasado, pero nesta edición creo que tiveron que poñer límite de asistencia no xantar de fraternidade, que se leva a cabo despois da procesión, porque é complicado atopar a alguén que faga a comida para tanta xente. Succede o mesmo coa misa, que está programada para ás 12.00 horas no Pabellón Deportivo Municipal de Pedra Mámoa. Desde o ano pasado organizase aí por falta de espazo. Cada ano veñen moitísimos camiións e non temos onde metelos durante a misa, e tamén é complicado para levar a cabo a tradicional bendición das chaves que realiza o noso párroco. Así, de cara a poder concentrar a todos os camiións, vehícu-



Manuel Ángel Leis, alcalde de Negreira.

los —e incluso algún tractor que vén engalanado— temos que facelo na contorna do pabellón, cortando toda a estrada que vai desde a rotonda da variante de Negreira ata debaixo do campo de fútbol de García Calvo. Entón, este ano, contando cunha numerosa afluencia desde a Asociación de Transportistas tiveron que poñer un límite. Creo que teñen arredor de 900 persoas apuntadas para o xantar. — **En referencia á programación musical, este ano contan con seis grandes orquestras para amenizar as verbenas nocturnas.**

— Decidimos apostar nesta ocasión por orquestras fortes do noso pobo, como a Olympus ou a Finisterre, que actuarán en dúas xornadas distintas —unha hoxe e outra o sábado—. Tamén, contaremos cos tradicionais pasarrúas que estarán a cargo da agrupación musical Os Garelleiros; e atraccións e actividades pensadas para os máis pequenos. Incluso o propio sábado temos un horario concertado, das 18.00 ás 22.00 horas, no que non haberá ruidos nas atraccións e tomaráanse outras medidas pensando sobre todo nos nenos con diversidade funcional. Estamos na tempada estival e

JAVIER ROSENDE

máis alá da festa, son días que se prestan ás reunións familiares e visitas. O noso Concello aínda segue sendo un lugar onde existe moita emigración, e nestas datas moita xente retorna para pasar as festas cos seus familiares e amigos. — **Este ano, a diferenza dos anteriores, dedícase a última xornada festiva á tradición...** — Si, é a primeira vez que se realiza esta xornada Xacobea. Pero tódolos anos facemos un concerto coa banda Ateño —propia de Negreira— que acaba de acadar tres premios e gañar o 7º Certame Internacional de Bandas de Benavente. Entón, este ano tivemos a oportunidade de obter unha axuda da Xunta de Galicia que nos permitiu contar coa participación da agrupación musical Cantigas e Agarimos. Así, ese mesmo día —ao coincidir tamén coa feira do pobo— decidimos xuntar as dúas agrupacións e actuarán unha pola mañá e outra pola tarde, como colofón ás festas con música tradicional. — **A parte da festa, que máis poderán facer os visitantes?** — Máis alá da festa, en Negreira hai moitas opcións. Por exemplo visitar a zona da Ponte Maceira, que é un dos espazos máis bonitos de España e no que, o día 19, celebraremos ás 'Noites en vela'. Tamén, para calquera que goce coa natureza, e lle guste camiñar, temos un paseo fluvial na contorna do río Barcala. Un espazo que está unido á Ruta dos Tres Pazos. E todo iso, sempre acompañado da boa gastronomía que temos na nosa terra e, loxicamente, neste Concello.

TODA LA CALIDAD Y EL MEJOR SERVICIO EN TODO TIPO DE VIAJES

AUTOCARES DESDE 15 A 60 PLAZAS DOTADOS DE LA MÁS AVANZADA TECNOLOGÍA Y LAS MEJORES PRESTACIONES

AUTOCARES DESDE 15 A 60 PLAZAS, DOTADOS DE LA MÁS AVANZADA TECNOLOGÍA Y LAS MEJORES PRESTACIONES

Les deseamos Felices Fiestas

Avda. das Brañas, 62
NEGREIRA - A CORUÑA | T. 981 885 843 | F. 981 885 434
www.autocareslopez.es | info@autocareslopez.es

SALVADOR

CASA DO BACALLAU DENCE 1920

Restaurante de coziña tradicional especializado en bacallau, riles con xerez e carnes galegas

Barcala, 23 • A Baña
T. 981 88 53 12

adrianamarino

clínica dental

Nº Col. 1260

Carrera de San Mauro, 10 baixo | 15830 NEGREIRA (A Coruña)
Tel/Fax 881 81 77 32 • 628 285 857
clinica@adrianamarino.com | www.adrianamarino.com

LEGALEI

ASESORAMIENTO E DEFENSA XURIDICA

644 380 223
Rúa Serzedo, 4, Bajo L4
15830 Negreira, A Coruña
legaleinegreira@gmail.com
www.legalei.es

FESTAS NEGREIRA 2025

NA HONRA DE *San Cristovo*

10, 11, 12, 13 XULLO

XOVES
10
XULLO

Pola noite verbena coas orquestras

Fuego e Olympus

VENRES
11
XULLO

Pasarúas a cargo
do Grupo de Gaitas

OS GARULEIROS

Pola noite verbena coas orquestras

**FANIA BLANCO SHOW
E O GRUPO ZONA ZERO**

SÁBADO
12
XULLO

Pasarúas a cargo
do Grupo de Gaitas

OS GARULEIROS

AS 14:00 H. PROCESIÓN MOTORIZADA DE SAN CRISTOVO

Pola noite verbena coa orquestra

**FINISTERRE
E DISCO MÓBIL IMPACTO**

DOMINGO
13
XULLO

Ás 12:00 h. **SERÁN XACOBEO - TARDE XACOBEO**
Actuación na Praza do Concello de

CANTIGAS E AGARIMOS

Concerto na praza do Concello pola

BANDA ATENEO DE NEGREIRA

